Juniperus communis L., 1753

- cimbro, xenebreiro, ximbro
- enebro (común)
- ipurua, orre, likabra
- ginebre, ginebró
- juniper
- zimbro comum



ESTADO DE CONSERVACIÓN

EX ES CR EP VU CA **PM**

EX: en perigo de extinción; **ES**: extinta en estado silvestre; **CR**: en perigo crítico; **EP**: en perigo; **VU**: vulnerable; **CA**: case ameazada; **PM**: preocupación menor

DIVISION	CLASE	ORDE	FAMILIA	XÉNERO
Pinophyta	**Pinopsida**	**Cupressales**	**Juniperus**	***Juniperus***

ORIXE

Todo o hemisferio norte, dende zonas frías árticas ata rexións montañosas temperadas en América do Norte, Europa e Asia.

CARACTERÍSTICAS

Arbusto ou pequena árbore perennifolia que pode alcanzar os 1-3 m de altura como arbusto e os 10 m como árbore. Codia pardo avermellada, lisa e de crecemento lento. Follas aciculares (forma de agulla), ríxidas, punzantes, de cor verde escura e cunha liña branca (banda estomática) na face. Flores pequenas, discretas e pouco vistosas. Os froitos son gálbulas globosas de cor azul escura ou denegrida que tardan dous anos en madurar. Son adstrinxentes e amargos, cun aroma cítrico ou doce, e que se usan como especia.

HÁBITAT

Zonas temperadas e frías do hemisferio norte, dende bosques ata tundras, aínda que prefire ambientes frescos, solleiros e solos permeables e ben drenados, adaptándose a substratos tanto ácidos como calcarios.

DISTRIBUCIÓN

Zonas árticas, América do Norte, Europa e Asia.

CURIOSIDADES

Ten propiedades diuréticas, antisépticas e dixestivas.